



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES DE CATABOIS
NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241
Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL
e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



PLAN DE IGUALDADE

IES DE CATABOIS

CURSO 2019-20



1. INTRODUCCIÓN

O IES de Catabois está xa desde hai varios cursos comprometido coa igualdade e desenvolve regularmente as seguintes actuacións:

- nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar: Ana Belén García Caruncho, responsable do departamento de Orientación.
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero: dentro do Plan de Convivencia está regulado o protocolo de actuación en casos de discriminación por razón de sexo.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro: están recollidos no Proxecto Educativo de Centro.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización: realízase esta difusión a través das titorías, das reunión coas familias e dos blogs do centro e a revista escolar.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero: establécese que, cando unha familia manifeste por escrito a necesidade de activación deste protocolo, se poñerán en marcha as medidas de apoio e acompañamento ditaminadas desde Orientación, previo consenso coas familias e, de ser preciso, cos servizos de saúde.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro: serán os desenvoltos a través dos plans Por 365 días de respecto e igualdade (todos os cursos) e Quérote+ (3º ESO).
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero: as medidas recóllense no Plan de Orientación Educativa e no Plan de Orientación Académica e Profesional.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebración do Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia, en data próxima ao 17 de maio).



- Presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto educativo: Pax. 8:
 - “O centro aposta pola coeducación ou educación na igualdade de sexos”.
 - “A igualdade de oportunidades e a inclusión será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición e circunstancia persoal ou social”.

- Existencia de medidas relacionadas coa coeducación dentro do Plan de Convivencia do centro.

- Impartición de materias de libre configuración específicas: Igualdade de xénero, en 2º de ESO.

- Actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...): programas Quérote+ e Por 365 días de respecto e igualdade.

2. Contextualización normativa e do centro.

Refírense neste apartado as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa figuran na documentación do centro:

- Obxectivos coeducativos concretos no Proxecto educativo:
 - “Potenciar a coeducación, que non se produza ningún tipo de discriminación”.

- obxectivos coeducativos concretos no Plan de convivencia (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia).

- Obxectivos coeducativos concretos no Plan de Orientación Educativa:
 - Promover a formación en igualdade entre mulleres e homes en tódolos cursos.



- Fomentar a coeducación promovendo valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.
- Obxectivos coeducativos concretos no Plan de acción tutorial:
 - Incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.
 - Promover valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.
- Obxectivos coeducativos concretos no Plan de Orientación Académica e Profesional:
 - Desenvolver actuacións que fomenten a igualdade no acceso aos diferentes estudos ou profesións, con accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade.
- Préstase especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia.

Neste apartado pódense comentar as situacións de partida (as fortalezas e as debilidades do centro) para afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero, facendo fincapé nas accións positivas que desenvolve para superalos.

Fortalezas:

- Están recollidos en distintos documentos do centro, medidas concretas a desenvolver para fomentar a igualdade de oportunidades e para loitar cos desequilibrios de xénero.
- Formación específica en materia de igualdade de xénero ao alumnado (optativa en 2º, e os Plans Proxecta: 365 e Quérote+)
- Cargos directivos desempeñados maioritariamente por mulleres.
- Nos programas formativos existe paridade de alumnado, é dicir igualdade entre o número de mulleres e homes matriculados nun e noutro programa (rómtese e non se reproduce o estereotipo de mulleres matriculadas en Limpeza).



Debilidades:

- Contorna socioeconómica e cultural medio-baixa, onde predominan familias con estudos primarios e pertencentes ao medio semi-rural que tenden a reproducir estereotipos de xénero.
- Importante número de alumnado de etnia xitana, debido ao feito de existiren tres asentamentos xitanos onde están moi arraigados os estereotipos de xénero.
- O alumnado masculino é o que maioritariamente utiliza a pista de fútbol.

Oportunidades:

- Lexislación estatal e autonómica referente á igualdade.
- Existencia de protocolos específicos.

Ameazas:

- Percepción por parte da maioría da sociedade de que non existe discriminación e que a igualdade xa está alcanzada.

Neste apartado tamén se poden comentar as situacións de desequilibrio máis acusadas (fendas de xénero) que o centro ten detectadas. Recollemos aquí algunhas das que se poden valorar:

- representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión: sempre se procura, no caso de que non veñan xa marcados por normativa, manter a paridade nos órganos.
 - escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.
 - nivel de titulación e resultados académicos obtidos.
 - necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.
 - abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.
 - rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar).
 - uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (ex. deportivas, artísticas, tecnolóxicas etc.).
- Poderíase facer unha diagnose a través de enquisas a toda a comunidade educativa: profesorado, familias, alumnado, persoal non docente. A partir de aí deseñar liñas de actuación concretas.



4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

- 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización do centro.

- Favorecer a **representación** de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no **Consello Escolar** para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás **familias**).
- Promover a **formación** do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha **linguaxe** inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras **entidades** na realización de actividades coeducativas como coa área de Igualdade do Concello de Ferrol, co CIM (centro de Información á Muller de Ferrol), Casa Solidaria...
- Concretar actividades arredor das **datas coeducativas** do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- Desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual a través do Plan Proxecta por 365 días de respecto e igualdade en 1º ESO, a Optativa de Igualdade de Xénero en 2º e o programa Quérote + en 3º.
- **Orientación laboral e profesional** libre de estereotipos: itinerarios en 4º ESO, modalidades no bacharelato, ciclos de formación profesional, programas Formativos Básicos...
- Pautas de actualización curricular e **revisión do material didáctico** con perspectiva de xénero. Para o vindeiro curso trasladaranse instrucións a cada departamento didáctico para que contemple estas medidas.
- Ofertar **materias específicas** de igualdade de xénero.
- Participar en **programas específicos** de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.



5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as **programacións didácticas** e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o **material didáctico** empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- **Seleccionar materiais didácticos neutros**, libres de estereotipos e valores sexistas e que eviten a reprodución do tradicional modelo que provoca a desigualdade entre os sexos.
- **Visibilizar as mulleres nos contidos didácticos**, valorando a súa figura en igualdade de condicións ás dos homes.
- Realizar actividades de **sensibilización** na aula.
- Realizar actividades de información e **sensibilización** coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Planificar actividades que vaian dirixidas ao uso compartido e equitativo de espazos de modo que tanto alumnos como alumnas poidan exercer os seus dereitos e desenvolver as súas capacidades plenamente sen restricións de ningún tipo.
- Difundir información a través dun **taboleiro** no centro.
- Uso equilibrado de espazos e tempos para evitar situación de desigualdade que poden xerar situacións de discriminación.
- Promover **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos **contidos audiovisuais** das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das **entidades colaboradoras** co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas
- Empregar **contidos de actualidade** para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do **patio** para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos **espazos tecnolóxicos**.
- Promover a prevención ante a **discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual** dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.



- Previr o **acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero** do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- Promover a **participación do sexo menos representado** nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- promover o **respeto** e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de **coidado** entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á **diversidade** sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e **cooperativas**.
- Promover a **corresponsabilidade** na realización das tarefas.
- Promover actividades de **intervención social** na comunidade educativa.

6. Seguimento e avaliación.

Ao final de cada curso escolar, analizarase o cumprimento dos obxectivos plantexados e se o resultado das actividades levadas a cabo é positivo ou mellorable coa fin de poder definir cambios para o seguinte curso escolar.

Toda a información resultante do sistema de seguimento e avaliación: obxectivos, resultados obtidos nas actividades, conclusións e propostas de mellora quedará recollido na memoria final.

Indicadores:

- Rexistro das actividades programadas no plan de igualdade anual e observación sistemática e directa do resultado das mesmas.
- Reunións mantidas: equipos docentes, titorías...
- Índice de participación activa do alumnado, familias..
- Cuestionarios de satisfacción do alumnado participante.